

Queres aforrar na túa factura da luz?

Mira se a túa potencia contratada é de máis de 10 kW ou menor; para iso debes consultar a factura.

➔ Se a túa potencia é superior a 10 kW, tes que obrigatoriamente contratar a subministración de luz cunha empresa comercializadora no mercado libre, xa que se non o fas che aplicarán unha recarga do 20%.

➔ Se tes unha potencia igual ou inferior a 10 kW podes acudir ao mercado libre ou manterte na actual situación, que é a chamada tarifa de último recurso (TUR). A TUR é unha tarifa regulada e, polo tanto, non é de libre fixación polas comercializadoras.

➔ Se estás acollido á TUR e ademais te atopas nalgunha das situacións que se expoñen a continuación, podes aforrar na factura a través do denominado bono social.

Se se trata da túa vivenda habitual e estás nalgunha das situacións seguintes podes beneficiarte deste aforro

- ➔ Clientes con potencia contratada inferior a 3 kW
- ➔ Pensionistas con prestacións mínimas
- ➔ As familias numerosas
- ➔ Fogares onde todos os seus membros estean na situación de desemprego

En que consiste o aforro?

Trátase dunha conxelación da tarifa vixente dende o 1 de xullo de 2009 e é durante dous anos.



Que teño que facer para aforrar na factura da luz?

No caso de ter contratada unha potencia inferior a 3 kW o aforro é automático e non tes que pedilo.

O resto debes solicitarlo á vosa comercializadora de enerxía, mediante correo ordinario, fax, correo electrónico ou nas oficinas da distribuidora (non da comercializadora).

Onde informarme?

- Oficinas Municipais de Información ao Consumidor (OMIC)
- Oficinas de Información ao Consumidor da FEGAMP
- Oficinas da Deputación Provincial de Pontevedra (OPIC)
- Asociacións de Consumidores
- Teléfono Gratuito de Consumo 900 23 11 23




XACOBEO
2010



XUNTA DE GALICIA

IGC
INSTITUTO
GALEGO DE
CONSUMO



XUNTA DE GALICIA

**CAMPAÑA
de
AFORRO
na
FACTURA
da LUZ**

